

ORDENANZA FISCAL Nº19 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA

NATUREZA, FUNDAMENTO E FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 1

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais constituídos pola **OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA**.

SUXEITOS PASIVOS

ARTÍGO 2

Están obrigados ó pago da Taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou Entidades ás que se lles outorgaron as licenzas ó seu favor ou ós que se beneficiasen do aproveitamento, se se porcedeu sen a oportuna autorización.

RESPONSABLES

ARTIGO 3

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e Entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

TARIFA

ARTÍGO 4

“A estrutura e contía desta taxa será a que figura na seguinte relación:

TARIFAS MESAS E CADEIRAS	
RUA	EUROS M/2 ANO Do 1 de xaneiro a 31 de decembro
ALCALDE REY DAVIÑA	9,76
ALEJANDRO CERECEDO	11,36
ALEXANDRE BOVEDA	8,14
ARZOBISPO GELMIREZ	8,14
ARZOBISPO LAGO (2 A 24)	11,36
ARZOBISPO LAGO (26 A FINAL)	14,64
AGUSTIN ROMERO	8,14
BALDOSA	16,27
BALDOSA, (PROLONGACIÓN)	11,36

CAMBADOS AVDA.	8,14
CAMILO JOSE CELA	8,14
CAROLINAS 1º TRAMO (hasta rotonda)	9,76
CAROLINAS 2º TRAMO	8,14
CASTELAO	14,64
CASTOR SANCHEZ	16,27
CELSO EMILIO FERREIRO	9,76
COLON	11,36
COSTA CANDAMO, PASEO	9,76
COVADONGA	16,27
CRISTO	11,36
DOCTOR TOURON	9,76
DUQUE DE RIVAS	8,14
EDELMIRO TRILLO	13,02
EMILIA PARDO BAZAN	8,14
ESPAÑA, PRAZA	16,27
ESTACION, PRAZA	13,02
GALICIA, PRAZA	16,27
GARCIA CAAMAÑO	9,76
INDEPENDENCIA, PRAZA	13,02
JUAN GARCIA	9,76
JUAN XXIII, PRAZA	16,27
MARIÑA AVDA DA (1 A 38)	8,14
MARIÑA AVDA DA (40 A 60)	16,27
MARIÑA AVDA DA (62 A FINAL)	11,36
MARTIN GOMEZ ABAL, PRAZA	11,36
MATOSINHOS, AVDA	8,14
MENDEZ NUÑEZ (ZONA PEATONAL)	16,27
MIGUEL HERNANDEZ, PARQUE	11,36
PIÑEIRIÑO	8,14
RAMON Y CAJAL	8,14
RAVELLA, PRAZA	13,02
RIVERO DE AGUILAR	11,36
RODRIGO DE MENDOZA	9,76
ROMERO ORTIZ	9,76
ROSALIA DE CASTRO	8,14
SAN ROQUE	14,64
SANTA EULALIA	9,76
VERGARA	11,36
VISTA ALEGRE	8,14
XUNQUEIRA, PRAZA	11,36
CARRIL	
ADUANA	11,36
ALAMEDA	9,76
CERVANTES	8,14
LIBERTADE, PRAZA	11,36
LUCHANA	9,76
NOCOLAS VIQUEIRA CONDE	11,36
ROSALIA DE CASTRO	8,14
VALENTIN VIQUEIRA	8,14
VILAXOAN	
ALFREDO SARALEGUI	9,76
MUELLE, RUA DO	9,76
PREGUNTOIRO	4,96
SOBRAN	3,45

Para os establecementos con instalacións permanentes na vía pública aplicaráselles un incremento do 25% sobre o prezo de m² de ocupación de vía pública.

Nos supostos non previstos na relación anterior facturarásese por similitude.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTÍGO 5

1.-As persoas ou Entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza declarando a superficie do aproveitamento e os elementos que se van a instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.

2.-Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coa petición formulada. Se se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seu caso realizados os ingresos complementarios que procedan.

3.-Procederásese a practicar liquidación unha vez autorizada ou concedida a ocupación de vía pública.

4.- ALTAS: As cantidades esixibles con arreglo ás tarifas liquidaránse por cada aproveitamento solicitado ou realizado prorrateándose por trimestres, salvo que a solicitude fose efectuada no último trimestre do ano.

5.- BAIXAS: A presentación da baixa producirá efectos a partires do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado no epígrafe da tarifa. Non obstante ó anterior as solicitudes poderán efectuarse ata o 31 de marzo do ano en que a baixa vaia a surtir efectos. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa, no prazo indicado, determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

6.- VARIACIÓNS: As variacións dos elementos obxeto da autorización (m² de ocupación, ubicación, titularidade da explotación económica, etc...) deberán ser comunicadas ó Concello antes do 1 de abril de cada ano. Nos supostos de cambio de titularidade nas explotacións económicas entenderásese que o novo titular subtrógase nas condicións autorizadas ó anterior, salvo que no prazo ó que se fixo referencia comunique ó Concello as novas circunstancias.

7.- Unha vez autorizada a ocupación nas condicións especificadas no acordo municipal, éstas entenderanse prorrogadas para os exercicios posteriores sen necesidade de efectuar novas solicitudes, facturándose a taxa pola tarifa vixente en cada exercicio.

DEVENGO

ARTIGO 6

1.- O devengo da Taxa regulada nesta Ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicita-la correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados nas Tarifas ou, no seu caso, nos que sinale a Alcaldía –Presidencia.

2.- O pago da Taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Depositaria Municipal ou onde estableza a Alcaldía-Presidencia, pero sempre antes de retirar-la correspondente licencia. Este ingreso terá carácter de depósito previo, quedando elevado a definitivo ó concederlle a licenza correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos Padróns ou Matrículas desta Taxa, nos períodos que sinalen as tarifas da Taxa ou, no seu caso, nos que determine a Alcaldía-Presidencia. O ingreso efectuarase nas oficinas da Recadación Municipal ou nos lugares que determine a Alcaldía-presidencia e no prazo de dous meses en período voluntario.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A 1 de xaneiro de 1999 queda derogada a Ordenanza Reguladora do Prezo Público por Ocupación de Terreos de Uso Público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

ENTRADA EN VIGOR

O presente acordo foi aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2007 e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Fechas anteriores modificaciones:

Publicado BOP (novo texto como taxa): 17/12/1998

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP: 27/12/2007